

**RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DO PROGRAMA “BECAS SANTANDER ESTUDIOS - AYUDA ECONÓMICA” NA UNIVERSIDADE DE VIGO NO CURSO 2023/2024**

O estudantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

A Universidade de Vigo e o Banco Santander S.A. (no sucesivo “Santander”) teñen previsto asinar un convenio co obxecto de facilitar no curso académico 2023/2024 o acceso á educación superior ao estudantado de Grao e Máster.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei Orgánica 2/2023 de 22 de marzo do Sistema Universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade.

**ESTA REITORÍA RESOLVE**

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, **10** bolsas do Programa “Becas Santander Estudios-Ayuda Económica” para estudantado da Universidade de Vigo que se xestionarán de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica [sede.uvigo.gal/](https://sede.uvigo.gal/) e no [portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produciase a desestimación presunta de recurso de reposición interposto, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo na data da sinatura electrónica  
O reitor  
Por delegación 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)  
A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade  
Natalia Caparrini Marín

**CSV : GEN-1273-0503-4d89-5055-241d-56a4-61ef-a450**DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>**FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 31/07/2023 10:17 | NOTAS : F**

## ANEXO I

## BASES DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA "BECAS SANTANDER ESTUDIOS - AYUDA ECONÓMICA"

## 1. OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é facilitar o acceso á educación superior a estudantes con excelentes expedientes académicos, e fomentar a inclusión educativa velando polos criterios de igualdade e equidade social (económica ou cultural).

O réxime desta convocatoria axustarase a normativa de subvencións e a normativa propia da universidade que lle sexa de aplicación, así como ao establecido no documento anexo denominado "Termos e condicións xerais" sempre que non entre en contradición coa normativa.

Convócanse:

- 1 bolsa para estudantado coa condición de vítima de violencia de xénero
- 1 bolsa para estudantado con discapacidade igual ou superior ao 33%
- 8 bolsas de asignación xeral

As bolsas que non se cubran de colectivos restrinxidos serán acumuladas á asignación xeral.

## 2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar a bolsa o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado no curso 2023/2024 nalguna das titulacións de grao ou mestrado universitario da Universidade de Vigo.
- b) Ter concedida no curso 2022/2023 bolsa xeral do MEFP co importe de "contía fixa ligada a renda do estudante".
- c) Ter unha nota media igual ou superior a **8,5 puntos** no curso 2022/2023 (ou no último cursado), calculada tal e como establece a convocatoria de bolsa xeral do MEFP (Ministerio de Educación e Formación Profesional). Para tal efecto multiplicaranse por 1,17 as notas medias procedentes de estudos da rama de Enxeñaría. Ao estudantado que inicia estudos de grao e mestrado universitario se lle terá en conta a nota de acceso á universidade e ao mestrado segundo o caso.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, de 17 de novembro*.

## 3. INCOMPATIBILIDADES

As bolsas que se establecen nesta convocatoria son compatibles con calquera outra axuda de carácter asistencial de orixe público ou privado de natureza distinta, e en concreto é compatible coa bolsa de carácter xeral do MEFP.

O importe das bolsas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da *Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*.

## 4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a esta bolsa financiada polo Santander irán con cargo á aplicación orzamentaria 2024 0000 121D 482.99 e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 10.000 €. Por tratarse dun expediente de tramitación anticipada a contía total máxima ten carácter estimado e a adxudicación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento en que a universidade recoñeza a obriga coas persoas beneficiarias.



2. A contía máxima de cada bolsa será de 1.000 €.

3. O pagamento da bolsa efectuarase mediante transferencia á conta do Banco Santander indicada polo/a alumno/a na súa solicitude e da que deberá ser titular, unha vez que manifieste a aceptación da bolsa a través da páxina web [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com).

## 5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas solicitantes deberán encher o **formulario en liña** dispoñible no seguinte enlace do Portal de Bolsas da UVIGO [https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir\\_paso1/11490](https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/11490) e na web do Santander <https://app.becas-santander.com/es/program/becas-santander-ayuda-economica-2023-2024>

2. O prazo de presentación de solicitudes comeza o día seguinte a publicarse esta convocatoria e remata o **13 de novembro** de 2023 ás 23:59 horas (hora peninsular española).

3. Xunto co formulario en liña achegarase a seguinte documentación (non hai que subir a documentación á sede electrónica):

- No caso de pertenza a algún dos colectivos sinalados no punto 1 deberán presentar a documentación acreditativa.
- No caso de inicio de estudos de grao, acceso por recoñecemento de créditos ou alumnos procedentes doutras universidades deberán aportar a credencial de bolsa do MEFP do curso 2022/2023.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para avaliar correctamente os requisitos e méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

## 6. COMPROBACIÓN DE DATOS

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos da bolsa do MEFP do curso 2022/2023 agás no caso dos/as solicitantes que inicien estudos de Grao.

## 7. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas, coa mención da causa de exclusión**.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, as causas de exclusión e a falta de documentación. Para tal fin, presentarán o *formulario de alegacións* na secretaría virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 de 1 de outubro*.

A selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:

1. grao de discapacidade, no seu caso.
2. nota media no curso 2022/2023, calculada tal e como establece a convocatoria de bolsa xeral do MEFP (Ministerio de Educación e Formación Profesional). Para tal efecto multiplicaranse por 1,17 as notas medias procedentes de estudos da rama de Enxeñaría. Ao estudantado que inicia estudos de grao e mestrado se lle terá en conta a nota de acceso aos estudos correspondentes.

A comisión de avaliación está composta por:

Presidencia: Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Vogais: María Isabel Doval Ruiz, vicerreitora de Benestar, Equidade e Diversidade  
María Guadalupe Fernández Romero, xefa da sección de Axudas e Bolsas  
Rosa Graña Costas, xefa do Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos



CSV : GEN-1273-0503-4d89-5055-241d-56a4-61ef-a450

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 31/07/2023 10:17 | NOTAS : F

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/algunha dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida, denegada** coa mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **cinco días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o formulario de alegacións dispoñible na secretaría virtual.

Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

**A resolución conterà a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, con bolsa denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.**

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produciase a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a Resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica [sede.uvigo.gal/](http://sede.uvigo.gal/) e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos de notificación previstos no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten oportunas serán realizadas ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

## 8. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas beneficiarias das bolsas deberán aceptar por escrito a concesión da bolsa do **18 ao 24 de xaneiro do 2024** a través da páxina web [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com). De non facelo se lle concederá a bolsa a seguinte persoa da lista de agarda.

## 9. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá:

- destinar a bolsa á finalidade para a que foi concedida.
- estar matriculada durante todo o curso académico.

Ademais o/a beneficiario/a debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*, que lle sexan de aplicación.



## 10. REVISIÓN E REINTEGRO DAS BOLSAS

Son causas de reintegro destas bolsas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.

A persoa beneficiaria que incorra nalguna destas causas está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

## 11. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puidesen impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Universidade de Vigo, logo do requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

## 12. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos no [Portal de bolsas](#)



CSV : GEN-1273-0503-4d89-5055-241d-56a4-61ef-a450

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 31/07/2023 10:17 | NOTAS : F